



Estás a agardar un ou unha peque e teslle apego á lingua? Parabéns por partida dupla! No Concello da Coruña, a través de Normalización Lingüística, queremos que formes parte do programa Apego, un espazo para compartir, para encontrar e encontrarse, aberto a calquera iniciativa que contribúa aos fins do proxecto, para axudarvos á socialización en galego.

Podedes contactar con Normalización Lingüística do Concello da Coruña para inscribivos no proxecto Apego e así recibirdes información sobre o programa... e un agasallo de benvida!

Máis información en:  
<http://www.coruna.gal/lingua> e <http://apego.gal>

**Contacta connosco para vérmonos:**  
**Normalización Lingüística**  
 Centro Ágora, lugar da Gramela, 17, 15010 A Coruña

- ☎ 981 189 888, exts. 34310 / 34311 / 34333
- ✉ [lingua@coruna.gal](mailto:lingua@coruna.gal) e [inscripcioneslingua@coruna.gal](mailto:inscripcioneslingua@coruna.gal)
- 📘 [facebook.com/normalizacioncoruna/](https://www.facebook.com/normalizacioncoruna/)
- 📷 [lingua\\_corunha](https://www.instagram.com/lingua_corunha)



### Febreiros

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			

### Marzo

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

### Abril

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

### Mais

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

### Xuño

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30



Na Coruña  
 témoslle Apego  
 á lingua!

Programación de febreiro a xuño 2024



CONSELLERÍA DE  
 CULTURA, EDUCACIÓN  
 E UNIVERSIDADE

*"Conto contigo", de Paco Nogueiras***+3**  
anos**Martes 20 de febreiro,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (55 min)

Un percorrido polas cancións dos traballos "Brinca Vai", "Radio Bulebule" e "Extra". Acompañado dos seus instrumentos fai un percorrido por un amplo abano de estilos musicais, dende o techno ao rock, pasando polo reggae ou a música electrónica, aínda que sen esquecer as influencias tradicionais.

**Inscrición: a partir do venres 16 de febreiro, ás 10.00 h***"O poder de Amabel", de Pérez e Fernández***+5**  
anos

Auditorio

**Martes 27 de febreiro,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (55 min)

Todos os membros da familia de Amabel teñen superpoderes: unha forza descomunal, a velocidade do raio, unha intelixencia abraiante e incluso a capacidade de facerse invisible. Pero Amabel aínda non sabe cal é a súa actividade extraordinaria. Será o poder da amizade?

**Inscrición: a partir do venres 23 de febreiro, ás 10.00 h***"As palabras perdidas", de Inventa Teatro***+4**  
anos

Auditorio

**Martes 5 de marzo,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

A Condesa Colorada e o seu axudante Leocadiof son viaxeiros chegados dende moi lonxe. A Condesa, unha coñecida contadora con fama internacional, dispónse a narrar o seu relato preferido pero, ao abrir o libro, cae na conta de que o seu conto está cheo de buracos. Falta palabras moi importantes, borradas por falta de uso.

**Inscrición: a partir do venres 1 de marzo, ás 10.00 h***"Pum, pum!", de Basbal Teatro***+3**  
anos

Auditorio

**Mércores 13 e xoves 14 de marzo,**  
dous pases cada día: 17.00 e 18.30 h (60 min)

Peza teatral que aborda unha temática preocupante non habitual, os abusos sexuais na infancia, un tema tabú para a sociedade que convive no noso día a día cunhas estatísticas alarmantes. Está abordada dende a investigación e o asesoramento para afrontala con delicadeza e sutileza. Unha historia tenra, divertida e conmovedora dunha nena de 5 anos e cunha mensaxe clara: dende moi pequenos/as deben saber que ninguén os/as pode obrigar a facer o que non queren e que non deben ter segredos coa súa familia.

**Inscrición: a partir do venres 8 de marzo, ás 10.00 h***"Leo e as cores", de Trémola Teatro***+3**  
anos**Martes 19 de marzo,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (40 min)

Leo é o león máis curioso de toda a selva. Un día, unha chuvia de pompas quitalles ao Elefante Ante e á Tartaruga Uga as súas cores. Será capaz Leo, coa vosa axuda, de devolverlles as cores aos seus amiñiños?

**Inscrición: a partir do venres 15 de marzo, ás 10.00 h***"Contos en familia", de Cris de Caldas e Xabi do Camiño***+3**  
anos**Martes 26 de marzo,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min + 30 min)

Sesión de narración oral con música en directo na primeira parte da actividade e posterior exposición de libros con charla para que as familias descubran lecturas novas, libros-xogo, temáticas interesantes, editoriais etc.

**Inscrición: a partir do venres 22 de marzo, ás 10.00 h***"O libro máxico", de Migallas Teatro***+3**  
anos**Martes 2 de abril,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Espectáculo onde se combinan os contos, a música e o teatro co obxectivo principal de animar os rapaces e rapazas e as familias en xeral a gozar da lectura e a convertela nun hábito. Ademais, trátanse temas como as emocións, as relacións familiares, o compañeirismo, o consumismo ou a importancia da imaxinación.

**Inscrición: a partir do venres 29 de marzo, ás 10.00 h***"Os nosos (ilustres) instrumentos", de Laura Romero***+5**  
anos**Martes 9 de abril,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Obradoiro da ilustradora Laura Romero que co músico Juan Álvarez e o debuxo e a música en directo nos axudarán a coñecermos máis algúns instrumentos tradicionais, a súa historia, os sons, os materiais etc. Charrascos, pinfanos...

**Inscrición: a partir do venres 5 de abril, ás 10.00 h***"Arrolos e colos musicais", de Leticia Falcón***0-2**  
anos**Martes 16 de abril,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

Obradoiro específico que pretende achegar os arrolos ou cancións de berce ás familias que esperan un/unha bebé ou que teñen crianzas pequenas, a través duns materiais musicais inéditos e ferramentas básicas. Experiencia rica tanto no vocabulario na nosa lingua como na parte sonora.

**Inscrición: a partir do venres 12 de abril, ás 10.00 h***"Os contos do chupete", de Migallas***+3**  
anos**Martes 23 de abril,**  
dous pases cada día: 17.00 e 18.30 h (30 min)

Bea ten un problema. O seu lobo leva chupete. Cada vez que llo intentan quitar, chora. Pero chora moito... A quen se lle conte, un lobo con chupete! Está desconsolado. Contos, cantos e cancións con música en directo serán a solución.

**Inscrición: a partir do venres 19 de abril, ás 10.00 h***"Son animal", de Paco Nogueiras***+3**  
anos**Martes 7 de maio,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

Presentación do novo espectáculo de Paco Nogueiras dedicado aos animais máis próximos e aos seus sons convertidos en divertidas cancións. Moi preto de nós viven toda clase de animais. Hai nos grandes, pequenos, con pelo, con plumas, con rabo..., todos especiais e diferentes. E todos co seu son.

**Inscrición: a partir do venres 3 de maio, ás 10.00 h***"Un conto ao revés", de Chuches Amil***+3**  
anos**Martes 14 de maio,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (60 min)

Concerto baseado no libro-disco no que dous nenos soñan historias: toman o té con pastas cun dragón, montan no lombo dunha balea e dun cabaliño de mar e atopan un lobo verde cantándolle a unha ra azul. Nada é o que semella ser! Este é un conto ao revés que non ten cabeza nin pés!

**Inscrición: a partir do venres 10 de maio, ás 10.00 h***"Carapuchiña Vermella e os cinco lobiños", de Ángeles Goás***1-3**  
anos**Martes 21 de maio,**  
un pase: 18.00 h (30 min)

Carapuchiña Vermella vive unha aventura un pouco diferente. No seu camiño, a falta dun, van aparecendo cinco lobiños que son tan pequerrechiños que caben na súa cesta. Contaránolo e cantaránolo. Conto e música en directo con Ángeles Goás e Cristina Castro.

**Inscrición: a partir do venres 17 de maio, ás 10.00 h***"Foliada con Apego", de Pablo Díaz e Olga Kirk***+3**  
anos**Martes 28 de maio,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Música e baile tradicional mesturado co xogo baseado nas cancións máis coñecidas por todas e todos. As familias poden traer percusión miúda (axóuxeres, pandeiretas etc.) para amenizar a festa.

**Inscrición: a partir do venres 24 de maio, ás 10.00 h***"Confi, o galiño Manoliño", da Xanela do Maxin***+3**  
anos**Martes 4 de xuño,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Presentación do novo espectáculo de teatro-documento que narra os feitos reais da loita pola supervivencia do arroz que frecuenta as praias da ría de Muros e Noia. Traballo actoral, monicreques e proxeccións para concienciármolos da defensa do medio mariño.

**Inscrición: a partir do venres 31 de maio, ás 10.00 h**

As actividades desenvolveranse na aula 8 ou no auditorio do Centro Ágora. Unha persoa adulta acompañará a crianza. Máis info e inscricións (só para a crianza) de balde en [coruna.gal/lingua](http://coruna.gal/lingua)